

42 SEMANA DE CINE DE LUGO



23 ao 28 novembro 2020



E. Ochoa





EDITA:
FONMINÁ
Concepción Arenal, 63-entrechán.
LUGO - Tfno: 982 243 719

IMPRIME: Grafic-Lugo, S.L.
Depósito Legal: LU XX-XXXX

TEXTOS E TRADUCIÓNS
CARMEN RODRÍGUEZ SOTO
DIEGO GONZALEZ CURIEL

ANIMACIÓN
GRUPO DE TEATRO ACHÁDEGO

AUTOR DO CARTEL
EDUARDO OCHOA - FONMIÑÁ

WEB, FACEBOOK, TWITTER,
INSTAGRAM, E OUTRAS REDES
GALICIA DIGITAL

PRODUCCIÓN E LOXÍSTICA
ALLENTUM

SEDE SOCIAL E PRENSA
FONMIÑÁ

ORGANIZA
GRUPO FOTOCINEMATOGRAFICO
FONMIÑÁ

PATROCINAN
DEPUTACIÓN PROVINCIAL
DE LUGO

CONCELLO DE LUGO
CULTURA, TURISMO
E PROMOCIÓN
DA LINGUA

XUNTA DE GALICIA
AGADIC (AXENCIA GALEGA
DAS INDUSTRIAS CULTURAIS)

COLABORAN
GALICIA CALIDADE
XACOBEO 2021

TIC-SERVIZO DE AUDIOVISUAIS
(DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO)

UNIV. DE SANTIAGO DE COMPOSTELA
(CAMPUS DE LUGO)

GALICIA DIXITAL.COM
INSTITUCIONES PENITENCIARIAS
ASOCIACIÓN PENITENCIARIA
CONCEPCIÓN ARENAL- LUGO

ASPAÑAS

ACHADEGO TEATRO
MIGUEL AGRICOLA
GADIS
FESTHOME
CLICK FOR FESTIVALS
ALLENTUM



42 SEMANA DE CINE DE LUGO

SEDES E SALAS

AUDITORIO "GUSTAVO FREIRE"
SALÓN DE ACTOS DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL
MUSEO PROVINCIAL DE LUGO
BIBLIOTECA PROVINCIAL
VELLO CÁRCERE
VECERREITORADO DA UNIVERSIDADE

OUTRAS ACTIVIDADES

Os lugares e horas de celebración das distintas conferencias, debates cinematográficos e presentacións serán anunciadas a través da Oficina de Prensa a todos os medios informativos e redes sociais.

A MELLOR PELICULA da Sección Oficial (Auditorio), As curtas tamén son cine (Vicerreitorado) e Cine Galego (Vicerreitorado) serán elixidas polo público asistente a través das papeletas devotación que se entregarán a entrada de cada sala. O resto dos Premios serán otorgados polo Xurado de Fonmiña.

A asistencia e presentación dalgúnha das películas que participan na Semana de Cine por parte dos seus directores, equipo técnico ou artístico, estarán pendentes do momento laboral que poidan atopar nesas datas cada un deles

PREZOS DAS ENTRADAS

A entrada en todas e nas distintas sedes será libre e de balde até completar aforo. Dacordo co protocolo sanitario que dicte o Convid-19.

COMITÉ ORGANIZADOR, PROGRAMACIÓN, SELECCIÓN, COMUNICACIÓN, GABINETE TÉCNICO E COORDINACIÓN

MANUEL CURIEL FERNÁNDEZ.
JOSÉ MANUEL GUISASOLA ESCUDERO
XULIO XIZ RAMIL
EDUARDO RODRÍGUEZ OCHOA
JUAN JOSÉ ARIAS GARCÍA

Agradecimentos:

FONMIÑÁ e a SEMANA DE CINE DE LUGO queren agradecer a todas aquelas persoas, entidades e firmas comerciais que colaboraron dalgún xeito na súa organización e a todos os produtores, distribuidores e directores que presentan a súas películas na 42 edición.

COMITÉ DE HONRA

Sr. D. ALBERTO NÚÑEZ FEIJÓO
Presidente da Xunta de Galicia

Sra. Dª. LARA MÉNDEZ LÓPEZ
Alcaldesa do Concello de Lugo

Sr. D. JOSÉ TOMÉ ROCA
Presidente da Deputación Provincial de Lugo

Sr. D. ROMÁN RODRÍGUEZ GONZÁLEZ
Consellería de Cultura, Educación e Universidade da Xunta de Galicia

Sra. Dª. TAREIXA FERREIRO TALLÓN
Concelleira de Cultura, Turismo, Xuventude e Promoción da Lingua; Vicepresidenta da Deputación Provincial de Lugo, e Delegada de Cultura, Patrimonio Histórico Artístico e Promoción da Lingua da Deputación Provincial.

Sr. D. JACOBO SUTIL NESTA
Director da Axencia Galega de Industrias Culturais

Sra. Dª. MONTSERRAT VALCÁRCEL ARMESTO
Vicerreitora de Coordinación do Campus de Lugo

Sr. D. XULIO GIZ RAMIL
Presidente do Grupo Fotocinematógrafo "FONMIÑÁ"

www.semanadecine.delugo.info

www.fonmina.es

<https://www.facebook.com/semanacineautorlugo/>

fonmina@galiciadigital.com

secilug@gmail.com



Saúda da Concelleira

Tareixa Ferreiro Tallón

42 edicións celebramos xa da Semana de Cine de autor de Lugo, e digo celebramos porque é o termo axeitado xa que o cine é arte, iso é algo fóra de toda dúbida e discusión, e un evento que durante unha semana permite mostrar arte de todo o mundo á ciudadanía de Lugo é algo para celebrar. Somos moitas as persoas que festexamos cada ano a chegada dun dos eventos máis importantes da nosa cidade.

A semana de cine de autor de Lugo pese a levar xa 42 edicións dende aquel lonxano 1979 segue a ser un referente, segue a ser unha guía, porque se ben nos seus inicios conseguía que puidéramos gozar de películas que doutro xeito nunca chegarían á nosa cidade por estar fóra do chamado circuito comercial, agora, neste século XXI no que parece que temos ao noso alcance calquera cousa grazas a Internet, faise más preciso se cabe unha guía entre tanto ruído, unha axuda na busca para non perdernos aquelas cousas que poden provocarnos novas sensacións ou achegarnos a



outras formas de mirar o mundo. O cinema é a arte están en constante evolución e investigación. Cambian as miradas, os enfoques, as técnicas pero a intención mantense. Trátase de contar, de transmitir e de atraer a mirada. Cada vez a oferta é maior e é doado perderse, por iso eventos como a Semana de Cine son tan importantes, para ternos ao día, para aprender cousas novas grazas a ela.

Durante todos estes anos, a través de diferentes propostas e autores e autoras a Semana de Cine

sorprendeunos, emocionounos ou provocounos un sorriso a través da imaxe e o son.

Pode que neste momento sexa máis precisa que nunca a semana de cine e moitas outras más manifestacións da cultura, para axudar a evadirnos da situación actual, para aliviar os nosos pesares como so a arte e o cine poden facer, distraernos e axudarnos a poñer o foco en todo aquilo polo que merece a pena seguir loitando.

42 SEMANA DE CINE DE LUGO

SECCIÓN OFICIAL . . . 5

Auditorio Gustavo Freire, 19:00h. y 21:00h.
FENDAS
AS MORTES/LAS MUERTES
1100, A PUNTO DE EXPLOTAR
EL DESEO DE ANA
MAQUIS
LA MALA NOCHE
EL DESENTIERRO
DÉRIVE/THE FAR SHORES
ALEKSI
EU TAMÉN NECESITO AMAR

LA OTRA ORILLA . . . 6

Vello Cárcere, 19:00h.
AHORA SOY MARÍA
EL AMOR NO DUELE
SE PERDIÓ
ANTES DE LLOVER
CUANDO LA RUMOROSA CALLA
DIRECTORAS
TRES PISOS
CHILE DESPERTÓ
LA HABANA ESPERA
NÚMERO PRIMO
PIEDAD
ACOSO
EN EL CIELO ME DEJAS CAER
HEDOR

HAPPY BIRTHDAY OR

FELICIDADES
KOPAKABANA
POCHOCLO
EL VIAJERO

CINE DOCUMENTAL . . . 6

Deputación Provincial, 18:00h
LOS QUE BUSCAMOS
SERAS HOMBRE
ALDEA ENCONTRADA
LA GUAPA

HOMENAXES . . . 8

Deputación Provincial - 20:00h.
QUIEN A HIERRO MATA
O QUE ARDE

E PARA COMER LUGO 10

Biblioteca Provincial - 19:00 h.
LA RECETA DEL EQUILIBRIO
I DON' T THINK IT IS
GOING TO RAIN
FLATO
MOIRA
FRITANGA
JOSEBA CRUZ
PENTÁGONO
EL SENTIDO DEL CACAO
VIVIR EN PAZ

UNA RECETA FAMILIAR

ADIOS BÁRBARA
EL PLATO PRINCIPAL
EN TENSIÓN
IMAGINARIA
IFIGENIA

AS CURTAS TAMÉN SON CINE . . . 12-13

Vicerreitorado Univ. - 17:30h.
MI ESTRELLA
RÍGIDO
CASA
BRUNA
CIENTOUNO
EL AGUA

LA TERCERA PARTE

UN AMIGO PARA JUAN

EL TRATAMIENTO

UNA MUJER COMPLETA

UN DÍA NORMAL

AL FILO DEL TIEMPO

HOMOMAQUÍA

BYE BYE BRIDGES

SIN ALIENTO

LA TIERRA LLAMANDO A ANA

CHICA

EL LLIBRE

EL ÁRBOL DE LAS ALMAS

PERDIDAS

LA HERENCIA DE MARTI

BLACK BASS

MUERO POR VOLVER

EXISTE

AL ALBA

ARIANA

CANDELÀ

MADRE REFLEJO

LA LLUVIA TAMBIÉN

LA MEJOR PELÍCULA DE LA HISTORIA

O RAPAZ E A CORUJA

UNA NOCHE CUALQUIERA

CORTÁZAR

EL ÚLTIMO TRAGO

DEIXADE QUE O CINE 12

Especial infantil (Aspnais)

EL NIÑO QUE PUDO SER REY

DORA Y LA CIUDAD PERDIDA

ELCANO Y MAGALLANES...

TOGO

Especial Concepción Arenal

QUERO VIVIR!

LA SOLEDAD DEL

CORREDOR...

PÚBLICO CAUTIVO SEMPRE FUERTE...

CINE GALEGO . . . 14

Vicerreitorado Univ. - 19:45h.

CAFEINA

MARUSIA

ONDE DORMEN AS GAIVOTAS

ATOPANDO O CAMIÑO

OS PREXUIZOS DA AUGA

PEQUENO VALS VIENÉS

LIMIAR

MARE

TI TAMÉN

A MEMORIA DA RAIA

BADALADAS DE AMOR E MORTE

POSTRE

MENTRES ISO PASA

XOVES DE COMADRES

16 DE DECEMBRO

GARZA

QUIERO DEJARLO

DENDE QUE CHEGOU A LUZ

GOLGOTA COMPOSTELA

TRALA PORTA

ALBA

MALCAVADA

ANHELO

MI QUERIDO SANTIAGO

TO THE SEA

MEDOS

ASASINAS CÍVICAS

Recoñecemento ao fotógrafo José López López "Foto Pereira"

Eduardo Ochoa

O Grupo Fonmiñá, continuando co seu recoñecemento a diversos fotógrafos que exerceron o seu labor na provincia de Lugo, quere este ano, coa entrega do trofeo Fonmiñá, destacar o fotógrafo de Portomarín, José López López, coñecido como "Foto Pereira". José, naceu en 1929, en Seixón (Portomarín), onde viviu ata os seis anos, momento en que a súa familia se trasladou á vila de Portomarín. Foi cumprindo o servizo militar en Ceuta cando comprou a súa primeira cámara, unha Bilora Boy alemá que lle custou 150 ptas, unha cantidade importante en 1952, e descubriu que, facéndolle fotos a grupos de soldados e cobrándolle unha pequena marxe de ganancia, podía obter uns beneficios, así que amortizou a compra da súa primeira cámara e, mesmo, puido traer uns poucos aforros cando se licenciou. Como o seu traballo de fotógrafo abarcaba desde os anos 50 ata mediados dos 60 do pasado século, recolleu, entre outros moitos dos acontecementos que se sucederon na comarca de Portomarín, o desmonte e posterior instalación na nova localización da imponente igrexa de San Nicolás, levantada a finais do

século XII pola Orde de San Xoán de Xerusalén. É curioso que moitos dos fotógrafos galegos de pequenas vilas, en xeral, non eran moi conscientes -por non decir que non valoraban moito o seu traballo-, do interese que puidese ter a súa obra no futuro, de feito, na inmensa maioría das veces, foron outras persoas as que resaltaron a súa obra. Eran fotógrafos que realizaban o seu labor co fin inmediato de lembrar un momento que xeralmente era especial, pero para as persoas retratadas, non tendo ás veces tanto interese para o propio fotógrafo, e, mesmo, moitas veces fai falta convencer o propio autor da importancia que ten a súa obra polo tempo transcorrido como documento duns costumes e formas de vestir xa desaparecidas, de comportamentos que co paso do tempo cambiaron enormemente ou, mesmo, desapareceron, converténdose, por tanto, o seu traballo no testemuño de toda unha época. O traballo realizado por José López López convértese na memoria visual do concello entre os anos 1952 e 1963, sendo, por tanto, un documento da máxima importancia que nos conta como era a vida -desde o punto de vista relixioso,



festivo, social- e que merece, xa só por iso, ser conservado. É sorprendente como, cando vemos este tipo de fotografías, resulta moi fácil identificarnos con elas: lémbraños fotos dos nosos avós ou dos nosos pais e, mesmo, de nosa propia infancia. Estes fotógrafos, á marxe de modas, e, sobre todo, libres de toda influencia debido, entre outras moitas razóns, ao propio illamento no que traballaban e ao non estar en contacto con outros grupos de fotógrafos nin recibir información do que se facía noutros lugares, obraban seguindo o seu propio ditado únicamente, o que fai que a súa tarefa teña maior valor como documento dunha época. Este tipo de fotografía atráenos porque presenta imaxes dun pasado que quedou fixado mediante a luz e a química e que nos atrapa na súa realidade moito máis que calquera descripción escrita ou contada daquel tempo que foi.



SECCIÓN OFICIAL


19:00h - 21:00h. Auditorio Gustavo Freire

Luns, 23 / 19,00h.
FENDAS
(2019)




Brasil / 80 minutos / VOSE.
Director: Carlos Segundo.
Produtora: Aun Filmes, Casa da Praia, Les Valseurs, O Sopro do Tempo.
Guion: Carlos Segundo, Michelle Ferret.
Fotografia: Clovis Cunha.
Interpretes: Roberta Rangel, Juliana Nazar, Ruston Liberato, Ernesto Guerra, Henrique Fontes, Vivian Moura, Tiquinha Rodrigues, Robson Medeiros. Catarina é investigadora no campo de física cuántica recién chegada á rexión de río Grande do Norte en Brasil. Traballa no Instituto Internacional de Física e investiga os espazos sonoros na imaxe. A inmersión na súa investigación é, ao mesmo tempo, unha inmersión na súa vida. Catarina está en constante movemento. E neste fluxo, o pasado, o presente e o futuro converxen, dándonos a dimensión do seu universo subxectivo.


Luns, 23 / 21,00h.
AS MORTES/ LAS MUERTES (2019)



Chile-España / 75 minutos / Galego.
Director: Cristóbal Arteaga
Produtora: Niños Grandes
Guion: Cristóbal Arteaga
Fotografia: Pablo Kaufman (B&W)
Interpretes: Alfredo Rodríguez, Olga Cameseille, Orisel Gaspar, Miguel Borines, Xoana Baz. Maruxa e Roxelio viven nun pequeno pobo galego. Roxelio non coñece a Maruxa. Maruxa non coñece a Roxelio. Roxelio matou a Pilar. Maruxa tamén.



Martes, 24 / 19,00h.
1100, A PUNTO DE EXPLOTAR (2019)



Argentina / 93 minutos / Castelán.
Director: Diego M. Castro.
Produtora: Minuscula Cine / Murillo Cine.
Guion: Diego M. Castro.
Música: Aguas Tónica, Franco Cinelli, Leonardo Andrés, Tomás Grimaldi.
Fotografia: Lucas Pérez.
Interpretes: Santiago Ilunadín, Cecilia Patalano, Andrea Fiorino. Leo está en crise coa súa parella, Lorena, e traballa doce horas por día como chofer de taxi na cidade de Rosario. A cidade está cambiando (está medrando vertiginosamente) e iso amóalo. De imprevisto un pasaxero desmaiase dentro do seu taxi. Leo lévao ao hospital e logo atopa dentro do seu vehículo un paquete. Durante o resto do día, busca devolverlo. Nas rúas da tensa cidade, crízase con situacións que agudizan o seu profundo malestar. Sempre se contivo, agora parece a punto de explotar.

Martes, 24 / 21,00h.
EL DESEO DE ANA (2019)



México / 80 minutos / Castelán.
Director: Emilio Santoyo.
Produtora: Anomia/Invicta Films.
Guion: Emilio Santoyo, Gabriela Vidal.
Fotografia: Flavia Martinez.
Interpretes: Laura Agorreca, David Calderón León, Ian García Monterrubio, Simone Bucio, Emmanuel Varela. Ana vive co seu fillo Mateo nun apartamento de clase media da Cidade de México. A rutina familiar dá un xiro cando Juan chega a visitalos despois de varios anos de ausencia. O reencontro desata recordos e segredos do pasado que Ana terá que confrontar para buscar, ao fin, a tranquilidade que se lle negou por tanto tempo.

Mércores, 25 / 19,00h.
MAQUIS (2020)



España / 105 minutos / Castelán.
Director: Rubén Buren.
Produtora: EL NOMEA Producciones.
Son: Ilan Duhne Lasky.
Música: Rubén Buren.
Fotografia: Eugenio Tardón.
Interpretes: Paloma Suárez, Zaida Alonso, Fátima Plazas, Teresa del Olmo, Lula Muñoz, Rosa Fernández Cruz, Alicia Lescuro, Isabel Romero de León. España, 1949. Dez anos despois do final da Guerra Civil, mentres os maquis seguían loitando no monte contra o fascismo, no chan as mulleres sofrén a represión. En cada casa hai un conflito do que ningún quería falar; algunas prefirén esquecer e outras seguir loitando.

Mércores, 25 / 21,00h.
LA MALA NOCHE (2019)



Ecuador / 95 minutos / Castelán.
Director: Gabriela Calvache.
Produtora: Coproducción Ecuador - México; Canibal Networks / Cineática Films / Cine CANIBAL / Terminal. Distribuída por Wide Management.
Guion: Gabriela Calvache.
Música: Quincas Moreira.
Fotografia: Gris Jordana.
Interpretes: Noëlle Schonwald, Cristian Mercado, Jaime Tamariz. Unha fermosa muller prostitutese. Debe entregar os seus ingresos ao xefe dunha mafia, pero a enfermidade da súa filla e a adicción a unha droga impidenlle ser tan cumprida coma sempre..

Venres, 27 / 19,00h.
EL DESENTIERRO (2019)



Argentina / 105 minutos / Castelán.
Director: Claudio Perrin.
Produtora: ZAHIR Films.
Fotografia: Alejandro Pereyra.
Interpretes: Claudia Schujiman, Roberto Chanampa, Zahir Perrin, Rodolfo Pacheco, Mirta Maurizzi. Unha parella e un neno escapan cara ao norte arxentino cun botín de dólares e quedan varados en Jujuy. A relación da parella deterioráse, o neno pérdeuse no entroido de Humahuaca e a traión agardará escondida no diaño entroido.

Unha road movie latinoamericana diríxida ao típico Entroido de Humahuaca, onde esta antiga festa celebrada polos nativos, cambiará a vida dunha parella e un neno.

Venres, 27 / 21,00h.
DÉRIVE / THE FAR SHORES (2018)




Canada / 104 minutos / VOSE.
Director: David Uloth.
Produtora: Productions l'Unité Centrale.
Guion: Chloé Cinq-Mars.
Música: Remachandra Borcar.
Fotografía: Philippe Roy.
Interpretes: Emilie Bierre, Réal Bossé, Mélyssa Désormeaux-Poulin, Estelle Fournier, Miro Lacasse, Éléonore Loïselle, Isabelle Nélisse, Danielle Proulx, Luc Proulx, Emmanuel Schwartz, Maeva Tremblay. André morre en misteriosas circunstancias e a súa muller e as dúas fillas do matrimonio fican soas. As tres terán que aprender a medrar xuntas e facer fronte a unha verdade para a que non están preparadas.

Sábado, 28 / 19,00h.
ALEKSI (2018)



Croacia / 90 minutos / VOSE.
Director: Barbara Vekaric.
Produtora: Coproducción Croacia-Serbia; Studio dim, FilmKombajn.
Guion: Barbara Vekaric.
Música: Pavle Miholjevic.
Fotografia: Filip Tot.
Interpretes: Tihana Lazovic, Goran Markovic, Leon Lucev, Sebastian Cavazza, Jason Mann. Aleksi é a típica nena ben que, tras varios intentos de estudos e prácticas no estranxeiro, volve á casa dos seus pais. Mientras evita traballar na empresa de viño familiar e espera a resposta á súa última solicitude de prácticas en Berlin, pasa o tempo facéndose a fotografía abstracta, pasando o tempo coa súa prima Lea e sopesando perspectivas de relación con tres homes moi diferentes.

Sábado, 28 / 21,00h.
EU TEMEN NECESITO AMAR (2019)



España / 69 minutos / Galego.
Director: Antonio Caeiro Rodriguez.
Fotografia: Xan Lorenzo. O documental está baseado na vida (íntima) da nai do cineasta. De á varios testemuños de mulleres de diferentes ámbitos relatan as súas historias persoais que remataron levando ao matrimonio...ou non. Despois da morte accidental de Pura, a protagonista, sen ter gravado ningunha entrevista, o autor elixe por asumir o papel de narradora baseándose no que contou, deixando a parte final como monólogo na súa memoria, que é a de tantas mulleres nacidas ao redor da Guerra Civil.

CICLO "LA OTRA ORILLA"

19:00h

Vello Cárcere

Martes, 24 / 19,00h.

AHORA SOY MARIA (2020)

Argentina / 9 minutos / Castelán.
Dirección: Sonia Stigliano.
Productora: Manuel Etchegaray.
Distribuidora: Kilometro Sur.
Intérpretes: Marina Glezer, Susana Varela.

EL AMOR NO DUELE (2020)

Chile / 7 minutos / Castelán.
Dirección: Noelia Esperanza Robles Muñoz, Matías Alvarado.



Productora: Lbenm
Liceo Bicentenario de Excelencia Nuevo Mundo.
Fotografía: Cristóbal Valenzuela.
Intérpretes: Antonia González Urrutia, Andrés Díaz Aguilera.

SE PERDIÓ (2020)

Cuba / 17 minutos / Castelán.



Dirección: Miky Yuste, Víctor Augusto Mendiví.
Productora: Escuela Internacional de Cine y TV.
Cámara: Alberto Rodríguez.
Intérpretes: Margarita Rodríguez Moreno.

ANTES DE LLOVER (2019)

Colombia / 14 minutos / Castelán.



Dirección: Nina Marín.
Productora: Marines Filmes.
Fotografía: Robespierre Rodríguez.
Intérpretes: María Alejandra Barrios, Ana Elvira Díaz, Naudith Rodríguez, Luis Mario Jimenes.

CUANDO LA RUMOROSA CALLA (2019)

Méjico / 16 minutos / Castelán.
Dirección: Patricia Montoya.
Edición: Alfredo González Uribe.
Intérpretes: Yunuen Rhi, Adolfo Madera, Paco Mufote.



Mércores, 25/19,00h.

DIRECTORAS (2019)

Honduras / 8 minutos / Castelán.
Dirección: Irina Blancafort, Eloi Tomás.
Productora: Grismedio, Arrayan Films.
Fotografía: Natalia Regas.
Intérpretes: Cristina Guillen, Irene Espejo, Dayanna Salazar.

TRES PISOS (2020)

Colombia / 8 minutos / Castelán

Dirección: Blandon Restrepo



Productora: M CINEMA
Fotografía: Mariana Serrano
Intérpretes: Mariana Gutiérrez, Liliana M. Atehortúa, Cristina Zuleta, Jhon Fredy Ospina, Félix Ruiz, Juliana Vargas.



CHILE DESPERTÓ (2020)
Chile / 30 minutos / Castelán.
Dirección: Ricardo Ferreira Oyanader.



LA HABANA ESPERA (2019)
Cuba / 13 minutos / Castelán.
Dirección: Franz Antonio Quiñonez Zumaeta.
Fotografía: Franz Quiñonez.
Intérpretes: Douglas, Gustavo.



NÚMERO PRIMO (2019)
Argentina / 15 minutos / Castelán.
Dirección: Evangelina Montes.
Fotografía: Georgina Pretto.
Intérpretes: Luciana Grasso, Federico Sack.



Xoves, 26 / 19,00h.

PIEDAD (2020)

Méjico / 18 minutos / Castelán.
Dirección: Daniel Cano
Productora: Samantha Menchaca
Intérpretes: Teté Espinosa, Miguel Ángel Barrera

ACOSO (2020)


Argentina / 11 minutos / Castelán.

Fotografía: Julian Strada.
Intérpretes: Michel Ailin Huerta, Gonzalo Pedalino, Claudia Paris.




EN EL CIELO ME DEJAS CAER (2020)

Chile / 25 minutos / Castelán.
Dirección: Sebastian S. Claro.
Fotografía: Paolo Tamburini.
Intérpretes: Michelle Mella, Juan Cano, Julio Milostich.



HEDOR (2019)
Argentina / 11 minutos / Castelán.
Dirección: Santiago Roger Godoy.
Fotografía: Cristian Arias.
Intérprete: Marcelo Cioffi.

Venres, 27 / 19,00h.

HAPPY BIRTHDAY OR FELICIDADES (2019)

Méjico / 21 minutos / Castelán.
Dirección: Jared Jacobsen.
Fotografía: Jesse Aragon.
Intérpretes: Alexa Reddy, Anthia Gillick, Terezina Vital, Cruz Kamena, Paco Mufote, Liana Moreno.

KOPAKABANA (2019)

Brasil / 14 minutos / VOSE.



Dirección: Marcos Bonisson.
Intérpretes: Fausto Fawcett, Agrippina R. Manhattan, Camila Botelho, Carol Azevedo, Chico Fernández, Cristal Soledad, Marcos Bonisson, Maybelove, Stella Kranz.

POCHOLO (2020)

Bolivia / 5 minutos / Castelán.
Director: Rodrigo Salazar.
Intérpretes: Cecilia Ulloa, Luis Fernando Ulloa.

EL VIAJERO (2020)

Argentina / 28 minutos / Castelán.
Director: Gustavo Duc.
Fotografía: Antón Ivanenko.
Intérpretes: "Bono", Fabio Herrera, Bruno Bertoli.

CINE DOCUMENTAL

18:00h

Deputación Provincial

Xoves, 26 / 18,00h.



LOS QUE BUSCAMOS (2019)
España / 86 minutos / Castelán.
Dirección: Óscar Benacer.
Productora: Kaishaku Films, S.L., Nakamura Films.
Fotografía: Víctor Entrecanales.

Sábado, 27 / 18,00 h.



ALDEA ENCONTRADA (2020)
Asturias
75 minutos / Castelán.
Dirección: Ricardo Alonso.
Fotografía: Fran Rubio.
Música: Alejandro San Pelayo.

Venres, 27 / 18,00 h.



SERÁS HOMBRE (2019)
España / 90 minutos / Castelán.
Dirección: Isabel De Ocampo.
Productora: Gris Medio.
Fotografía: Carlos Muñoz.
Música: Antonio Escobar.



LA GUAPA (2020)
España / 15 minutos / Castelán.
Dirección: Paolo Cammarano.
Productora: Qubit Solvest SL.
Música: Juan Fabuel.
Fotografía:

O cine nos espellos da pandemia

Juan Antonio Pinto Antón

“Malos tempos para a lírica”, ou as dificultades da cultura para sobrevivir e florecer en tempos de pandemia e crise. O entrecomiñado éche o título do poema de B. Brecht: versos tristes que reflicten o ascenso ao poder do nazismo e dun asasino infinito, Hitler, o ‘pintor de brocha gorda’.

Malos tempos hoxe, despois de meses interminables sen luz ao final do túnel, ameazados por un microscópico monstro que podería ser moi cinematográfico pero é moi real. Malos tempos para a danza. E para o teatro. Para o viño dos poemas. Para as cores da música. Malos tempos para o cine.

Contaba Ortega y Gasset, con sarcasmo, que nas crises da fame as masas queimaban as panaderías. Agora, en plena pandemia do SARS-CoV-2 e da enfermidade que causa COVID-19, xusto cando máis se necesita recortamos en cultura, apagamos a música, invisibilizamos o cine.

Cobizamos unha nova realidade que xamais chegará. Nun planeta martirizado pola omnipresenza humana e pola cobiza de matóns, o coronavirus tronzou vida e soños de millóns de persoas. Rompeu en pedazos estudos, derrubou negocios, paralizou proxectos, viaxes. Vidas.

Aprendimos un vocabulario cotiá de palabras desusadas: cancelación, viróloga, coronavirus, máscara, frustración, aerosol, corentena, epidemiólogo. Teatros e salas de cine poboáronse de po, escuridade e silencio, xusto cando máis necesitabamos ese torrente de luz que inunda as pantallas. De esperanzas e medos. Viaxes e amores. Heroes e canallas. Ollos que miran asombrosamente abertos. Bicos que beben todas as sedes. Corpos feitos para o abrazo e para o contacto co órgano máis fondo, a pel humana.

Agora sabemos que os soños son tan necesarios como o pan de cada día. E descubrimos a utilidade do aparentemente inútil. Unha canción, un poema, un libro, unha película teñen valor infinito. As epopeas individuais necesitan comer cada día pedazos de soños, anacos de esperanza, faragullas de beleza.

Apremados para atopar respiradores, máscaras, a vacina que non chega. Urxidos a manter cheos supermercados onde a cobiza infla os prezos, esquecemos a beleza, as artes, a luz que inunda as pantallas. Agora sabemos que axudan ás persoas a manterse sas. E que



a fráxil arquitectura humana consta de bandullo que hai que encher con pan, e cerebros que hai que alimentar con ideas e soños para conservar a saúde mental e emocional, e dicir, a saúde do corpo. A carón de antivirales, máquinas que curan, heroicos sanitarios aos que xa non aplaudimos nesta nova etapa de irresponsabilidade colectiva, a música, o teatro, a literatura, a danza, o cine axudan a manter a cordura, a saúde.

O cine terá que adaptarse, xa o fai, á invisible ditadura do virus. Esixe, coa entrada, medidas de seguridade, obsesiva limpeza, aforo reducido, omnipresentes máscaras para seguir gozando cos clásicos e descubrir os estrenos. Son aventuras que afrontan poucos, un 20% sobre cifras anteriores. Por sorte en tempos de coronavirus medran as plataformas de streaming, xigantesca pantalla de cine en tempos de desolación e pandemia. As restrictivas medidas de mobilidade, o obrigado confinamento aumentaron visitas e suscripcións ás plataformas. Oportunidade para difundir novas producións e para escapar da realidade pola ventá aberta das pantallas. Millóns de adolescentes e adultas, nenas e vellos soportaron a corentena enganchados a películas e series. Pecharon miles de cines pero as plataformas de streaming sumaron millóns de suscriptores. Descubrimos que non só de pan viven os humanos, tamén son indispensables para vivir as artes, os soños, as películas.

Desde aquela ‘gripe española’ orixinada en Texas hai máis dun século, non tiñamos visto a vida transformarse

tan axiña nunha película de medo, suspense pola enfermidade e terror á morte. A nova distopía obriga a millóns de familias a acubillarse nas casas para evitar o contaxio dun virus que distingue moi ben entre ricos e pobres, zonas residenciais e barrios obreiros.

Xamais volverán tempos como os que coñecimos. Autoexpulsámonos do paraíso. Inauguramos a Era do Antropoceno ou da nosa excesiva influencia sobre o planeta. Infinitamente intelixentes, tan infinitamente torpes como para poñer en perigo o único fogar que temos, destrozando a natureza e abrindo a caixa de Pandora doutros virus. Cómpre espertar e compartir a terra cos outros veciños vivos, plantas e animais. Conforman a urdida dos ecosistemas queerman da vida nun planeta con todas as luces vermelas acesas.

Oxalá os violíns non deixen nunha de soar. Oxalá os libros sigan pagando o billete de tantas viaxes. Oxalá o teatro siga inventando escenarios da vida. Oxalá que o cine, as series, os cines, as películas sigan a ser o faro de luz que oriente a singladura humana nestes tempos de medo e néboa. Oxalá se encendan desde o 23 ata o 28 de novembro todas as luces, todas as curtas, todos os documentais, todas as películas da 42 Semana de Cine de Lugo.

O cine, está escrito, ‘non é o espello da realidade, senón a realidade do espello’. O cine volve a encender as luces, iluminando desde dentro os espellos da pandemia.

HOMENAXES

20:00h Deputación Provincial

Venres, 27 / 20,00 h.




QUIEN A HIERRO MATA (2019)

España / 107 minutos / Castelán.
Director: Paco Plaza.
Produtora: Vaca Films, Atresmedia Cine, Film Constellation, Playtime Production.
Guion: Juan Galifianes,

Jorge Guerricaechevarría.
Música: Maika Makovski.
Fotografía: Pablo Rosso.
Intérpretes: Luis Tosar, Xan Cejudo, Enric Auquer, Ismael Martínez, María Vázquez, Dani Currás, Pablo Guisa Koestinger, Marcos Javier Fernández Eimil, María Luisa Mayol, Víctor Duplán, Alberto Abuín.

Sábado, 28 / 20,00 h.



O QUE ARDE / LO QUE ARDE (2019)

España / 89 minutos / Galego.
Director: Oliver Laxe.
Produtora: Coproducción España-Francia-Luxemburgo; 4A4 Productions / Miramemira / Tarantula.

Guion: Santiago Fillol, Oliver Laxe.
Fotografía: Mauro Herce.
Intérpretes: Amador Arias, Benedicta Sánchez, Inazio Abrao, Elena Mar Fernández, David de Peso, Alvaro de Bazal.



José López López
“FOTO PEREIRA”
Portomarín, 1929

EXPOSICIONES

Mostra de carteis películas de Luis Tosar (Museo Provincial)

Mostra de libros editados por Fonmiña - Semana de Cine (Biblioteca Provincial).

O estudante ventaxoso

Mavisa Rodríguez López

É un pracer escribir estas liñas como prólogo deste libro dedicado a un dos grandes actores de cine e teatro da actual escena do país, Luís Tosar. O lector ten diante de si un compendio exhaustivo e sobresaínte sobre a vida, a filmografía, premios, entrevistas e traxectoria escénica do protagonista. Grazas ao gran traballo de documentación de Manolo Curiel, percíbese nesta obra unha grande admiración pola figura de Luís, das súas orixes, da súa conexión con Xustás e de todo o seu universo familiar e afectivo.


Ás veces, o río da vida detense para poder facer reflexións sobre a súa corrente. É como se atopásemos un meandro que alixeirase a súa forza, nun instante, para permitirnos obter información do noso transcorrer vital. Sucedé en etapas da madurez, momentos en que a voráxine vital está máis sedentada e podemos ollar con calma e tamén, por que non, con nostalxia infinita, aqueles anos de xuventude en que a ilusión e a enerxía marcaba os nosos rumbos vitais.

Eu estaba ilusionada por mergullarme con aqueles adolescentes que descubrían as artes escénicas, tentando representar obras que lles abrisen os ollos á arte que eu mesma aprendera a valorar e, ademais, que lles

servira de pulo para entender a súa propia existencia. Pero, o que eu descoñecía era que ía atopar xente marabillosa, como Luís Tosar, que marcaría a miña existencia para sempre.

Naquel grupo de 2º de BUP contactei por primeira vez con Luís. Dende o primeiro momento dinme conta de que aquel alumno tiña unhas calidades dramáticas que o facían sobresaír entre todos. Non era que lese ben, non só iso, senón que lles daba aos textos sentido, dramatizábaos, inflexionaba coa voz a finalidade dos mesmos, as emocións contidas neles, o contido segredo das palabras. Si, o contido segredo das palabras, eses significados que, ás veces, nin sequera os propios autores son conscientes do alcance que poden ter nos lectores, no público escénico ou nos ouvintes dunha lectura poética. Luís era capaz de conectar co cordón umbilical dos sentimientos e transmitilos, espallando coa súa voz ao auditorio esa infinita carga emotiva. A miña misión consistiu en animalo a perseverar por ese camiño que, como vemos, foi quen de se labrar e chegar ao máis alto.

E hoxe, dende a distancia dos anos e das emocións sementadas no eido dos recordos, a miña voz tradúcese en agradecemento pola súa existencia e



pola permanencia no cachiño de corazón que, con toda seguridad, temos enchido de tenrura.

Grazas por permitirme facerlle esta pequena homenaxe neste compendio do seu labor artístico.

Orixes e consolidación da fotografía en Lugo


Xulio Xiz

O grupo Fotocinematógrafo Fonmiñá – fotografía e cine- fai valer as dúas artes proclamadas no seu nome e, con motivo das últimas Semanas de Cine, orienta as súas publicacións a potenciar a grandes do cine lucense ou galego, pero tamén a honrar a pioneiros que fixeron historia fotográfica, e a divulgar anacos desta historia que a todos interesan e afectan.

Eduardo Rodríguez Ochoa, responsable de fotografía de Fonmiñá, destacado fotógrafo e investigador do mundo da imaxe, pescuda nesta ocasión nos comezos da arte da fotografía na capital lucense, para dar a coñecer a actividade naqueles tempos heróicos, e proporcionar nomes que non poden ser esquecidos por ser os primeiros “Señores da luz” de Lugo, e como tales dignos de figurar na nosa historia cultural e social.

Hai xeral consenso de que o nacemento da fotografía é un fito social de primeira magnitude, establecendo un antes e un despois no decorrer da historia que ata ese momento especial foi contada e desde entón puido ser testemuñada e vista, quedando os acontecementos rexistrados para sempre.

Lugo entrou na historia visual –comezou a ter historia visual– a mediados do século XIX, e desde entón temos probas de moito do que aquí aconteceu, abrindo mundos novos á nosa imaxinación e enriquecendo a nosa historia.



Deso queda constancia neste libro de Eduardo Rodríguez Ochoa, que se comezará a difundir con motivo da 42ª Semana de Cine de Lugo.



Archivo Manuel Vázquez Seijas.



J. Ramirez.



1895. Joseph Sellier



Vivero. Edición A. Cocina.

E PARA COMER LUGO

Martes, 24 / 19,00 h.



LA RECETA DEL EQUILIBRIO (2020)
España / 70 min / VOSE.
Director: Osc
Produtora: NAKAMURA FILMS S.L.
e KAISHAKU FILMS S.L.

Guión: Óscar Bernácer.
Fotografía: Celia Riera.
Montaxe: Vicente Navarro, Jordi Montañana.
Música: Artlist.
Participantes: Ricard Camarena,
Má Carmen Bañuls.
Estreno: Culinary Zinema-SSIFF68-
Setembro 2020.

Mercores, 25 / 19,00 h.



I DON'T THINK IT IS GOING TO RAIN
China-España /
11 minutos / VOSE.
Director: Adria Guxens.



FLATO (2019)
España /
8 minutos / Castelán.
Directora: Raquel Barver.
Intérprete: Lara Sánchez.



MOIRA (2019)
España
10 minutos / Castelán.
Directora: Encarnación Prieto
Intérpretes: Carmen Fuentes,
Fredy López, Angeles Ortiz,
Marisol Mata, Marisa Muñoz.



FRITANGA (2020)
España
5 minutos / Castelán.
Director: José David Díaz.
Fotografía: Raúl Conesa.
Intérpretes: Javi Mena,
Doncho Montero.



JOSEBA CRUZ (2020)
España
7 minutos / Castelán.
Director: Aleix Vilardebo.
Produtora: This.
Fotografía: Josep Mato.
Intérpretes: Joseba Cruz,
Oliver De Gerona.



PENTAGONO (2019)
España / 4 minutos / Castelán.
Director: Thomas Barrera.
Fotografía: Sandra Fortmager.
Interpretes: María Nogales,
Ana Pariente, Ursula Diaz,
Loles Gutierrez.



EL SENTIDO DEL CACAO (2019)
España / 19 minutos / Castelán.
